Faro de Vigo, 3 Julho 1986, p. ?

CONSELLO DA CULTURA GALEGA

Declaración sobre a Lei de Normalización Lingüística

En relación coa sentencia do Tribunal Constitucional sobre a Lei de Normalización Lingüística de Galicia, o Consello da Cultura Galega, despois de analizar detalladamente o texto de dita sentencia, acorda face-la seguinte declaración:

1.- A sentencia do Alto Tribunal non afecta ó contido

mento Autonómico.

2.- A sentencia confirma como plenamente constitucional o ensino do galego en tódolos niveis escolares e a súa utilización como lingua de aprendizaxe de outras disciplinas.

esencial da citada lei aprobada no seu día polo Parla-

- 3.- Mantén a súa plena vixencia o artigo 5.º do Estatuto de Autonomía de Galicia que di que "a lingua propia de Galicia é o galego" e que "os idiomas galego e castelán son oficiais en Galicia e todos teñen o dereito de os coñecer e os usar".
- 4.- Independentemente de que segundo a sentencia do Tribunal Constitucional non poida manterse no texto de Lei de Normalización Lingüística de Galicia o deber xurídico de coñece-lo galego, subsiste en cambio o deber moral de coñecelo que teñen tódolos galegos.
- 5.- En consecuencia, o Consello da Cultura Galega considera que a sentencia do Tribunal Constitucional ratifica de forma inapelable o contido do artigo 5.º do Estatuto de Autonomía, que no seu párrafo 3 di textualmente: "Os poderes públicos de Galicia garantizarán o uso normal e oficial dos dous idiomas e potenciarán o emprego do galego en tódolos planos da

vida pública, cultural e informativa, e disporán os medios necesarios para facilita-lo seu coñecemento".